


ALICIA CRECE, Caderniño de Desafogos (e autobombo) de RUBÉN RUIBAL



A verdade como mal menor, facecia, por ERIK CACHUZO

Cortopego a seguir a mensaxe que acabo de recibir de Erik Cachuzo, de quen non tiña noticia dende hai varios anos. Pido disculpas pola precaria e revesgada redacción, aínda que non sei por que porque a culpa será súa, digo eu. Unha recomendable táctica para a lectura, dígollo por experiencia, sería eludir os incisos:

"Rubicho Cabrón: aí atrás estiven na cea da entrega de premios da AELG (máis cerca de ti do que nunca poderías cheirar). Eses premios, por suposto, están devaluados se eu non fun o que o recibiu (ó través da túa intermediación compinchada co desgraciado ese co que nos roubastes "Fume" a medias a min e a Bönn); obviamente era eu quen o merecía (insisto), que para iso a teño máis longa; pero a vida éche así, amiguiño, agora está de moda que toquen ás mulleres (os premios). É difícil estar ledo cando non es invitado con silla, pratos, copas e cubertos e tes que contemplar o acto dende debaixo da mesa da última fila na que sentan a papar narradores e teatreiros a partes case iguais presididos por un editor que se queixa seguido do mal cheiro que cuspe o centro floral pero, hei admitilo, unha das maiores ledicias da velada foi ver entrar pola porta ó homazo que escribiu este libro: "A verdade como mal menor". Desgraciadamente o meu carácter retraído ata a primeira relación sexual completa e a miña negativa a desvelar ó editor a orixe do fedorento aroma impediu achegarme a el para felicitalo, abrazalo e aclamalo publicamente como merecería pola escrita deste volume fermosamente encadernado (imira que repetín esta frase feita nos meus tempos de vendedor porta-a-porta polas xélicas abas dos Montes Metálicos!).

Hoxe ando ordeando o escritorio (chamo así á caixa de zapatos na que gardo os papeis, os lápices e as últimas lecturas dentro do ordenado contedor de lixo no que sobremorro) e atopei o exemplar que lin, case dunha sentada, nunha terraza de Guimarães, vilecha convertida en cidade pola desgracia de ser o lugar onde seica naceu Portugal. Alí estaba eu, parapetado atrás dun libro (a lectura pública dun xornal con buratos para os ollos fainos tan sospeitosos como inocentes a lectura pública dun libro), esperando para roubar ó descoido as sobras da mesa do lado, mentres caían sobre min as folerpas de seme desas árbores que non sei como se chaman e que provocan unha neve en abril ou maio fermosísima para a vista pero detestable para o olfacto e as mucosas; ¿como se chaman esas árbores, Rubicho, ti que sabes de campos e montes, esas árbores que exaculan algodón, esas árbores que me deixaron feito un boneco de neve cunha cervexa quente diante e un libro de X.L. Martínez Pereiro na man? Tanto ten. Alí estaba eu, morto de fame, e disfrazado de inocente cun libro na man para roubar os manises sobrantes da mesa do lado. Cuberto do seme desas árbores, ¿como se chaman?...

Ben. Regreso coma un admirable bonobo da miña dispersión arbórea: o importante é que as miñas vítimas non calaban nin deixaban de petelar no meu futuro alimento. E, sen querer, metido como estaba no papel de discreto roubechas, a miña lectura avanzaba sen pausa e as esquinas das páxinas ían dobrándose por dedos algodónosos en destacable proporción para marcar a súa

calidade. Así devalou a tarde ata que fun substraído do engado da lectura por unha desas discusións absurdas que sempre se manteñen na mesa do lado (na que os manises foron maxicamente repostos a carón dunha nova ronda de cervexas) e nunca na propia. Eran as miñas vítimas as que falaban, xentes coñecidas de vista pero pouco (todo o coñecidas de vista que poden ser despois de dous días na súa cidade afastada da túa por Europa enteira): unha chavala *jamona* e un actor de sona na tele. Mantiñan unha cháchara sobre o soberbio (despectivo, puntualicemos) carácter español que o actor tentou abortar cando me descubriu na mesa do lado, convertido nun algodonoso lector que levaba un libro de *Galaxia* na man. Supoño que polo libro deu por feito que eu era galego, ique perspicaz ignorante da poliglotía e dos nacionalismos periféricos! (os actores sonche así, sempre paran nos detalles... ie os directores non digamos!) Seguía eu, diciamos, cos ollos cravados nas páxinas de Pereiro, nesta páxina en concreto, a 79, capítulo 29, páxina na que aparece, ideus existe!, a palabra "cachuzo". Páxina na que aparecen os parágrafos que seguen e cos que me sinto, é obvio, absolutamente identificado:

- Non debes divinizarme, sei que resulta difícil unha vez que se me coñece, pero xa estou afeito, non es a primeira, di o intelectual atractivo poñendo un dedo na edición facsimilar de *Le immagini colla sposizioni degli Dei degli Antichi*, libro de Vincenzo Cartari datado na Venezia de 1556.

- Non o podo evitar -láíase a muller con obesidade da mórbida e fea como un cachuzo.

"Que lería! Aos irresistíbeis pásanos sempre o mesmo, non sabemos disfrazar o noso encanto natural e iso que na casa escondín os espellos", pensa o antedito.
- Es tan auténtico! Se non es un deus, déixame polo menos que crea en ti -insiste a namorada cun salouco revelador (...)

Aí foi onde quedei enganchado, Rubicho, nese diálogo do deus coa cachuza, facendo un soberbio (positivo, puntualicemos) esforzo por non escoitar as babecadas que estaba oíndo na mesa a carón da miña; agora o actor da tele esforzábase por deixar claras as diferencias entre o galego e o español, cousa que agradecín moito como bo artista multimedia checo ata que, para salvarme da soberbia española, engadiu que os galegos son máis como os portugueses, ó que, máis por discutir que por outra cousa, a *jamona* lle retrucou que Galicia non existe se falamos de caracteres nacionais, que Galicia é unha provincia española. Foi entón cando descubrín que a *jamona* tiña acento sudamericano -por iso falaba un portugués estrañamente comprensible para min -e que papaba manises a un ritmo endiañado, e foi entón cando eu berrei que abondaba xa, que podían cesar na discusión e no disimulo porque o que era obvio era que, ademais de ser eu checo, os portugueses viñan sendo semellantes ós españois, ós galegos, ós chinos e ós sudamericanos sempre que non se deixaba ver unha raiola de intelixencia no chachareo, e que era obvio tamén (engadín) que a ese paso deglutorio había de acabar eu lambendo no pratiño dos *cacajuetes*. Foi entón cando fuxiron e eu ataquei por fin o botín logo de gardar nos petos algunhas das súas pertenzas.

Pero se cadra, volvamos ó libro, o que máis me gustou da páxina da *enjanchada* foi a cita inicial de Marie de Valence:

“O que vía era unha cousa sen forma e sen figura e, non obstante, era infinitamente bela e agradábel de ver. Era unha cousa que non tiña cor e, a pesar diso, tiña a graza de todas as cores. O que vía era unha luz semellante á luz do día e, si, é certo, aquilo espallaba unha claridade admirábel e del proviña toda a luz corporal e espiritual”

Se cadra porque describe o libro; se cadra porque fala da *jamona*. Mágoa que lendo logo a prensa souben que aquilo, o volume enteiro, era todo **facecia**; o que é non saber. Pero volvendo ó parágrafo, se cadra gustoume porque sinto coma se falase de min que, no fondo, son un místico coma ela (e agora de quen falo é de Marie de Valence, non da *jamona*). Si, se cadra era iso; que ese párrafo non che sei ben se fala do libro ou se fala de min. Ou de deus, tanto ten.

Pero o conto é que escribo, Rubicho, (se é que deches chegado ata aquí e non estás babexando coma sempre enriba do teclado, un día has quedar teso (de todo) dun trallazo) porque creo que sería bo que o leras: boa falta che fai. Ler. En xeral. Pero en concreto, este.

Tapa o nariz, neno, que aí che mando tamén un abrazo (hoxe estanme facendo bo efecto as cervexas); ¿por qué farán tan calorosos estes depósitos públicos de lixo? (É retórica, meu íntimo inimigo, non fai falla que me contestes).

¡Abures!"

PD: Recibo do Cachuzo un "correo complementario" que cortopego a seguir:

"O libro, por certo, lino nunha nova sentada terraceira pagada cos diñeiros da *jamona*. As 129 páxinas sen máis algodón que a espuma das vintetantas cervexas que engolín.

E retiro o abrazo. E os abures. E manteño e insisto no "icabrón!". E engado: "¡Le, burricán!"

POST.- De 28 de maio de 2009.